

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 22 de xuño de 2021 pola que se amplía o crédito da Orde do 29 de decembro de 2020, pola que se modifica a Orde do 3 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), se convocan as correspondentes ao ano 2016 e se fixa o crédito dispoñible na convocatoria 2021 tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155B).

O artigo 13.4 da Orde do 3 de agosto de 2016 e o artigo 10.3 da Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se modifica a orde de bases establecen que os importes consignados en cada convocatoria poderán ser ampliados en función das dispoñibilidades orzamentarias, sen que isto dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contra na orde que se publique para o efecto.

Unha vez pechado o exercicio 2020 e aprobados os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021, compróbase a dispoñibilidade de crédito no proxecto orzamentario 2016-00323, destinado a financiar as presentes axudas.

Co fin de mellorar a eficiencia do uso dos fondos públicos, a execución dos fondos consignados no plan financeiro e de incrementar o grao de execución orzamentaria, considérase axeitado ampliar o importe do crédito inicial para os denominados proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais.

Por todo isto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora das normas da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único. *Ampliación de crédito*

1. Ampliase o crédito máximo destinado a financiar as subvencións que se concedan a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais, con cargo á aplicación 15.03.723C.780.1, para a anualidade 2022, da convocatoria do ano 2021 das axudas para

CVE-DOG: nlxzgtm9-naw8-ktu9-35d8-vds65c5ojfe9



proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, nun importe de 38.993 €.

2. O novo importe total máximo, sumando o importe inicial xa publicado e a presente ampliación, é o fixado no cadro seguinte:

Aplicación	2021	2022	Total
15.03.723C.780.1	250.000 €	182.993 €	432.993 €

Disposición derradeira única

Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

CVE-DOG: nlxzgtm9-naw8-ktu9-35d8-vds65c5ojfe9

